

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL SELECCIONADOR
DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN EN INTERINIDADE
DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A

Resolución de alegacións en relación co primeiro exercicio da fase de oposición
e realización do segundo exercicio da fase de oposición

En San Sadurniño, a vinteseite de setembro de dous mil dezasete, sendo as doce horas e dez minutos, reúnen-se na Casa do Concello de San Sadurniño, baixo a presidencia da funcionaria da Deputación Provincial María de la Fé López Romero, designada pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarios de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a provisión en interinidade dunha praza de administrativo/a, segundo as Bases oportunamente aprobadas:

Presidenta: María de la Fé López Romero.

Vogais: Luis Díaz Villarino, do Concello de Santiago; Julia Ledo Rivera, do Concello de Ferrol e Mónica Cebreiro Caneiro, do Concello de San Sadurniño.

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno, do Concello de San Sadurniño.

A Presidenta declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, acórdase estudar a alegación formulada por Sergio Quintiá Manteiga en relación coa acta deste Tribunal correspondente ó primeiro exercicio da fase de oposición, fundamentada nun erro na corrección do seu exame, no feito de que algunhas preguntas do exame xa apareceran noutro realizado hai meses e en que non se pode facer o exame entes de transcorridos dous meses.

O Tribunal acorda revisar o primeiro exercicio do reclamante, atopando efectivamente un erro no número total de respostas correctas, que é de 40 e non de 39 como se apreció inicialmente, polo que a puntuación total do reclamante nese primeiro exercicio será de 16,00 puntos. Respecto ás outras dúas alegacións formuladas, o Tribunal, examinadas as bases da convocatoria, entende que non teñen fundamento legal algún, polo que non se considera procedente a súa estimación.

Seguidamente acorda o Tribunal suspender a sesión ata o luns, 2 de outubro, a fin de examinar as posibles alegacións que poidesen presentarse dentro do prazo establecido a tal finalidade, que aínda non rematou.

Reanudada a sesión o día 2 de outubro de 2017, ás nove horas e cinco minutos, e comprobado que non se presentou ningunha outra alegación, o Tribunal acorda rematar a sesión e dispor a publicación da presente acta coa brevidade posible no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello.

A PRESIDENTA,



OS VOCAIS,



O SECRETARIO

